

TERMALISMO SOCIAL IMSERSO

2023

Requisitos

1. Poderán participar no Programa de Termalismo, as persoas residentes en España, que reúnan algún dos seguintes requisitos:

1. Ser pensionista de xubilación, incapacidade permanente, viuvez con 55 ou máis anos, do Sistema de Seguridade Social español.
2. Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
3. Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con 65 ou máis anos de idade.

2. As persoas usuarias de praza deben reunir os seguintes requisitos:

1. Poder valerse por si mesma para as actividades da vida diaria.
2. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica.
3. Acadar a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

3. As persoas participantes poderán ir acompañados do cónxuxe ou a parella de feito ou persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal, sen necesidade de que estes reúnan algún dos requisitos exixidos no parágrafo 1, mais, cumprindo os requisitos previstos no parágrafo 2.

4. Tamén poderán ser adxudicatarios de praza, os descendentes con discapacidade, en grao igual ou superior ao 45 %, sempre que a quenda a disfruten cos seus pais e se aloxen na mesma habitación.

5. O IMSERSO enviará unha carta ás persoas que o solicitaron o ano anterior, cuxos expedientes estean completos.

Solicitudes

Prioritariamente a presentación de **novas solicitudes** realizarase de forma telemática a través da sede electrónica do IMSERSO (<https://sede.imserso.gob.es>). O acceso á solicitude deste procedemento non require autenticación.

Tamén pode presentar a súa solicitude nos Servizos sociais do Concello ou en calquera centro dependente da Consellería de Política Social e Xuventude (centros sociocomunitarios, clubs da terceira idade, etc.).

Prazos

Establécense dous prazos para a presentación de solicitudes:

- a) Para participar no proceso de **adxudicación de praza**:
 1. Para as quendas dos **meses de febreiro a agosto**, ambos inclusive: **ata o día 9 de xaneiro de 2023**.
 2. Para as quendas dos **meses de setembro a decembro**: **ata o día 15 de maio de 2023**.

- b) Para a súa inclusión na **Lista de Espera de prazas**, para cubrir as prazas que vaian quedando vacantes por renuncias ou outras circunstancias:
 1. Para as quendas dos **meses de febreiro a agosto**, ambos inclusive: **ata o día 14 de maio de 2023**.
 2. Para as quendas dos **meses de setembro a decembro**: **ata o día 15 de novembro de 2023**.

Máis información

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro

Teléfono: 981504029/981504000. Extensión 1